

1
2
3
4
5
6
7
8
9
10
11
12
13
14
15
16
17
18
19
20
21
22
23
24
25
26
27
28
29
30
31
32
33
34
35
36

REGULAMENTO

1ª ASEMBLEA NACIONAL DE ANOVA – IRMANDADE NACIONALISTA

I.- DATA, LUGAR

Artigo 1

As sesións decisorias da 1ª ASEMBLEA NACIONAL DE ANOVA – IRMANDADE NACIONALISTA terán lugar en Santiago de Compostela os días 8 e 9 de xuño en horario de mañá e tarde.

II.- DA APROBACIÓN DO REGULAMENTO E DA ORDE DO DIA

Artigo 2

1. O prazo para a presentación de emendas ao regulamento e á Carta Financeira rematará o día 20 ás 24:00 horas.
2. As emendas ao presente regulamento non poderán ter carácter retroactivo. Por tanto unha vez aprobado o regulamento pola Coordinadora Nacional só poderá ser emendábel naquelas cuestións que atinxan ao proceso posterior á xuntanza da primeira sesión da asemblea o día 8 de xuño.

III.- DA PARTICIPACIÓN E DO CENSO

Artigo 3

1. Teñen dereito a asistir a asemblea decisoria todas as persoas afiliadas e as persoas convidadas polas asembleas territoriais ou pola Coordinadora Nacional.
2. Terá dereito a participar con voz e voto, toda a afiliación dada de alta con anterioridade ao día 11 de maio e coas cotas ao día no momento da celebración da

40 mesma. Entenderase que unha persoa está afiliada en prazo se a traveso da
41 Coordinadora da súa asemblea territorial ou ben directamente dende o seu
42 enderezo de e-mail, fai chegar a súa ficha debidamente cuberta e asinada, antes
43 das 24 horas do día 10 de maio, á dirección de e-mail < [organizacion@anova-](mailto:organizacion@anova-galiza.org)
44 [galiza.org](mailto:organizacion@anova-galiza.org) > ou < anova@anova-galiza.org >. Con posterioridade e dentro do prazo
45 de subsanación de erros e regularización deberá achegar a ficha de afiliación
46 orixinal.

47 3. As persoas asistentes terán que acreditarse á súa chegada ao lugar de celebración
48 da I AN. No momento de acreditarse entregaráselle a cada asembleísta unha
49 tarxeta cun numerada segundo a orde de acreditación.

50 4. Para facilitar a disposición dos medios materiais e humanos necesarios, as persoas
51 afiliadas que vaian participar na asemblea deberán de comunicalo a
52 < anova@anova-galiza.org > ou por medio da asemblea local á que pertencen,
53 **antes do día 2 de xuño.**

54

55 **Artigo 4**

56

57 O día 14 de maio remitirase aos responsábeis de organización das asembleas territoriais,
58 o censo provisorio abríndose un prazo para subsanación de erros e regularización de
59 cotas que rematará o día 24 ás 24 horas. Quedarán excluídas de participar con voto na
60 AN as persoas que non subsanen os erros ou non acrediten a regularización das cotas
61 dentro do prazo fixado.

62

63 **IV.- DO LABOR DA COORDINADORA NACIONAL**

64

65 **Artigo 5**

66

67 A Coordinadora Nacional, órgano de dirección política de ANOVA entre Asembleas
68 Nacionais, será a encargada de coordinar e xestionar o proceso da I AN ata a
69 celebración da mesma.

70 A Coordinadora Nacional actuará directamente, por delegación na Comisión Permanente
71 ou a traveso das persoas comisionadas nas respectivas áreas.

72 A Coordinadora Nacional será o órgano encargado de

73

- 74 1. Aprobar a proposta de orde do día e de Regulamento da Asemblea Nacional.
- 75 2. Recoller as proposta para a elaboración das teses, nomear a comisión redactora e
76 aprobar os Teses Base que serán elevados á I AN.
- 77 3. Elaborar o Informe de Xestión e a Proposta de Carta Financeira de Anova.
- 78 4. Recibir por medio do Responsábel de Organización ou do Responsábel de
79 Coordinación ás candidaturas presentadas.

- 80 5. Organizar a loxística para acreditación de assembleístas e persoas convidadas, así
81 como todo o preciso para as votacións e reconto.

82

83 **V.- DESENVOLVEMENTO DAS SESIÓNS DA ASEMBLEA**

84

85 **Artigo 6**

86

87 O 8 e 9 de xuño reunirase a Asemblea Nacional con carácter decisorio.

88

89 **O sábado 8**

90 A Asemblea desenvolverase segundo a seguinte orde do día e horario

- 91 • Ás 10:30 aprobación do Regulamento da Asemblea, Carta financeira e debate en
92 asemblea do informe de xestión da Coordinadora Nacional
- 93 • De 12:00 a 14:00 e de 16:00 a 18:00, debate das emendas vivas en grupos de
94 traballo aleatorios.

95

96 **O domingo día 9**

97 A Asemblea desenvolverase segundo a seguinte orde do día e horario

- 98 • 10:30 ate 13:30, debate en pleno das teses e das emendas que tivesen pasado
99 nalgún grupo de traballo.
- 100 • 15:30 a 17:30 elección da Coordinadora Nacional e reunión da CN para a
101 designación da persoa Portavoz Nacional.
- 102 • 18:30 clausura da I Asemblea de Anova – Irmandade Nacionalista pola persoa
103 Portavoz Nacional.

104

105 **Artigo 7**

106

- 107 1. A Mesa da Asemblea Nacional estará constituída por 15 persoas: 3 como
108 coordinadoras xerais, presidíndoa e moderándoa; 3 en función de secretaría xeral,
109 redactando a acta; e 9 persoas vocais que colaboren nas tarefas de toma de
110 palabras, recollida de datos dos recontos, suplencias, e en todas aquelas que
111 sexan necesarias a criterio da Mesa.
- 112 2. A Mesa de cada un dos grupos de traballo aleatorios estará constituída por 3
113 persoas: 1 como coordinadora xeral, presidíndoa e moderándoa; 1 en función de
114 secretaría xeral, redactando a acta e outra persoas vocal con función de suplencia
115 na moderación e na secretaría xeral e que colaborará nas tarefas de toma de
116 palabras, recollida de datos dos recontos, etc.

- 117 3. A Coordinadora Nacional designará as persoas que formarán parte da Mesa da
118 Asemblea e das mesas dos grupos de traballo.

119

120 **Artigo 8**

121

122 A Mesa será responsábel da orde e dirección da Asemblea. As súas competencias serán:

123

124 1. Presidir a sesión.

125 2. Abrir, moderar e fechar os debates.

126 3. Organizar as intervencións.

127 4. Indicar, ao someter algún tema a votación, as opcións e, se for o caso, a mecánica
128 do proceso de votación; así como proclamar o resultado; e) ordenar o
129 desenvolvemento da Asemblea, establecendo as pausas e o reinicio de acordo co
130 horario establecido.

131 5. Interpretar este regulamento e resolver as dúbidas que poidan xurdir sobre o
132 desenvolvemento da Asemblea.

133 6. Redactar a acta da sesión.

134

135 **Artigo 9**

136

137 As decisións da Mesa tomaranse por maioría.

138

139

140 **VI.- DA ELECCIÓN DA COORDINADORA NACIONAL**

141

142 **Artigo 10**

143

144 1. A 1ª Asemblea Nacional elixirá 75 membros.

145 2. A Coordinadora Nacional será elixida polo sistema de listas proporcionais puras e
146 libres, **sendo validas as listas que conteñan un mínimo de dúas**

147 **candidatas/candidatos e un máximo de 75 titulares e 75 suplentes.** (de acordo co
148 principio organizativo 4 e artigo 11 dos Estatutos de Anova – Irmandade Nacionalista, que dispoñen que ... *a elección, que*
149 *se tentará facer en primeira instancia por consenso, será aberta á presentación de calquera militante e cun sistema*
150 *proporcional puro ou mediante listas abertas.*)

151 3. As listas deberán cumprir co establecido estatutariamente respecto da proporción
152 de xénero.

153

154 **Artigo 11**

155

156 As listas presentaranse en tempo e forma no formato de listas que propoña a
157 coordinadora do día 11 sempre que sexan afiliadas/os de pleno dereito e coas cotas ao
158 día.

159

160 **Artigo 12**

161

162 O prazo de presentación de candidaturas remata o 1 de xuño ás 14 horas. Todas as
163 persoas integradas asinarán a súa aceptación nun escrito que deberá acompañar á lista
164 no momento da súa presentación.

165

166 Cada candidatura designará un representante para proceder á presentación da mesma ou
167 subsanación de erros.

168

169 Até o día 8 ás 13 horas, as candidaturas terán prazo para subsanar erros e/ou modificar
170 as candidaturas.

171

172 **Artigo 13**

173

174 A votación será secreta e en urna salvo de se tratar dunha única lista de consenso.

175

176

177 **VII.- DO DEBATE E APROBACIÓN DAS TESES**

178

179 **Artigo 14**

180

181 A Coordinadora Nacional designará os poñentes defensores das teses finais para os
182 grupos de traballo e para o pleno da Asemblea.

183

184

185 **Artigo 15**

186

187 Cada eméndice ou grupo de eméndice, ao tempo que comunique que mantén a
188 emenda segundo o establecido no punto 9 do Calendario (*Do 12 ao 20 de maio* prazo para que calquera
189 eméndice que non considere recollidas as súas emendas nas teses aprobadas pola Coordinadora Nacional, comunique á comisión
190 redactora no enderezo < assemblea@anova-galiza.org > que as mantén) designará unha persoa para defendela
191 en cada grupo de traballo aleatorio e no plenario de ser o caso.

192

193 **Artigo 16**

194

195 Os grupos de traballo formados aleatoriamente entre as persoas asistentes, debaterán as
196 emendas ás teses, pasando a debate en asemblea en pleno aquelas que sexan
197 aprobadas por maioría simple cando menos nun grupo de traballo.

198 As persoas asembleístas asignáranse aleatoriamente aos grupos de traballo polo último
199 dígito do número asignado no momento da acreditación.

200 Cando se estea en condicións de facer unha aproximación do número de persoas
201 asistentes, fixarase o número de grupos a constituír e que dígitos corresponderán a cada
202 grupo.

203

204 **Artigo 17**

205

206 En todos os debates de cada emenda haberá unha intervención da persoa emendante e
207 outra pola defensora da tese. A Coordinadora a traveso das persoas poñentes defensoras
208 das teses poderán propoñer transaccións ás emendas. Nese caso someterase a votación
209 a transacción que de contar con máis votos a favor que en contra será aprobada e
210 substituirá ao correspondente texto da tese emendada. De haber emendas sobre a
211 mesma parte do texto prevalecerá a que conte con máis votos a favor.

212 As votacións faranse sempre pedindo votos a favor, en contra e abstencións.

213

214 **Artigo 18**

215

216 Como norma xeral, as emenda que pasen a debate en asemblea en pleno precisarán de
217 maioría simple, máis votos a favor que en contra, para serán aprobadas.

218 Aquelas emendas que afecten a cuestión de estatutos e principios fundacionais, precisará
219 dunha maioría cualificada de 2/3.

220 Desde a mesa avisarase antes da votación se o que se somete está nese suposto.

221

222

223 **Artigo 19**

224

225 O conxunto das teses será sometido a votación global na Asemblea e serán aprobadas
226 aquelas que contén con máis votos a favor que en contra salvo aquelas que precisen
227 dunha maioría cualificada de 2/3 por afectar a cuestión de estatutos e principios
228 fundacionais. Desde a mesa avisarase antes da votación se o que se somete está nese
229 suposto.